

Consolidan o seu proxecto común pola integración social

**GUREAK E EROSKI ABREN UN NOVO
SUPERMERCADO XESTIONADO INTEGRAMENTE
POR PERSOAS CON MINUSVALIDEZ**

- O novo supermercado na capital alavesa emprega a 14 persoas
- EROSKI continúa a espallar o modelo de empregabilidade para persoas con minusvalidez desenvolvido xunto a GUREAK, logo dun balance moi positivo das súas anteriores experiencias

Vitoria-Gasteiz, 20 de decembro do 2018.- [GUREAK](#) e [EROSKI](#) consolidan o seu proxecto para a integración social e laboral de persoas con minusvalidez, que desenvolveron conxuntamente coa inauguración dun novo supermercado en Vitoria-Gasteiz xestionado integramente por persoas con minusvalidez. O supermercado franquiado EROSKI/City, situado no número 3 da rúa Juana Jugan da capital alavesa, emprega a 14 persoas.

A cooperativa conta con tres supermercados destas características, dous deles en Vitoria. O primeiro deles abriuse en Azpeitia en outubro do 2015. *"Hai tres anos botamos a andar unha iniciativa pioneira de innovación social coa ilusión de podela facer extensiva. O balance positivo das experiencias anteriores confirma a competitividade do noso modelo de tenda franquizada, aberta a ser compartida con emprendedores, cooperativas e empresas da economía social co obxectivo de crear emprego e riqueza no noso contorno e de avanzar na diversificación do emprego social. Esperamos que no 2019 se poidan materializar outros proxectos con outras empresas líderes da integración laboral de persoas con algún tipo de minusvalidez, como é o caso de Ampans en Cataluña. Isto ratifica o compromiso firme de EROSKI neste tipo de proxectos"*, destacou o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.

Pola súa parte, o xerente de GUREAK Araba, Esteban Basterretxea, afirmou que *"contamos cun modelo consolidado de empregabilidade para persoas con minusvalidez que xera novas oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional para os que teñen máis necesidades de apoio. O modelo de franquías de EROSKI adáptase perfectamente ás nosas necesidades e permítenos traballar en contacto co público, visibilizando así as capacidades que temos todas as persoas"*.

O novo establecemento, cunha sala de vendas duns 420 m², ofrece unha variedade de 3.500 produtos de marcas de fabricantes líderes, marcas propias e de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



produtores locais. Conta ademais cunha ampla oferta de alimentos frescos, especialmente froitas e verduras locais de tempada, e cunha variedade ampla de produtos ecolóxicos. Os clientes dispoñen de forno propio para garantir a frescura da panadería de elaboración cotiá.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.651 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

Sobre Grupo GUREAK

GUREAK é un grupo empresarial que ten como misión xerar e xestionar oportunidades laborais estables e convenientemente adaptadas para persoas con minusvalidez, preferentemente para aquelas con minusvalidez intelectual en Guipúscoa. Cun volume de negocio superior aos 240M€, actualmente o grupo conta con preto de 6.000 persoas, das que un 82% teñen algún tipo de minusvalidez.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)